

Facultade de CC. Económicas e Empresariais

Presentación

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais ten unha ampla traxectoria dentro da nosa universidade. A principios dos 70 xa se impartían ensinanzas de Ciencias Económicas no antigo Colexio Universitario de Vigo, que en 1980 pasaría a integrarse na Universidade de Santiago de Compostela. En 1990 segrégase no Campus de Vigo, o que suporá o nacemento da Universidade de Vigo.

No curso 1991/92 iníciase a docencia das licenciatutras de Ciencias Económicas e de Ciencias Empresariais no edificio actual, rexistrándose dos procesos de reforma dos seus plans de estudios nos anos 1995 e 2002. A raiz da promulgación do RD 1393/2007 spbre ordenación das ensinanzas universitarias ponse en marcha o proceso de adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, de tal xeito que, para o curso académico 2009/10, comezarán a impartirse as titulacións de Grao en Adeministración e Dirección de Empresas e en Economía ás que se refiren estas guías.

Persíguese con elo ofertar unhas titulacións máis adaptadas ao contexto actual, cunha adaptación das metodoloxías docentes orientadas cara a aprendizaxe do alumnado e o desenvolvemento das súas capacidades.

Localización

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Vigo está no Campus de Lagoas/Marcosende, aproximadamente a 15 km. de la ciudad.

En caso de precisar información é posible contactar a través das seguintes vías:

Correo - Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, Campus de Lagoas-Marcosende, s/n, 36310 VIGO

Teléfono - 986812400 (Centralita/Conserxería)

986 812403 (Secretaría de Alumnado)

986 812402 (Secretaría do Decanato)

Fax- 986812401

Correo electrónico - secfcee@uvigo.es (Secretaría de Alumnado)

sdfcee@uvigo.es (Secretaría do Decanato)

Web - http://fccee.uvigo.es/

Infraestructuras y Servicios

A Facultade conta cunha importante dotación de infraestructuras destinadas a dar soporte ás actividades de investigación,

docencia e extensión universitaria. Resumidamente, hai 15 aulas de docencia, 13 aulas-seminario, 6 aulas de informática e un aula informática de libre acceso. Adicionalmente dispón dun salón de actos cun aforo aproximado dunhas 550 persoas , un salón de graos para 60-80 personas, biblioteca con 400 postos de lectura e cafetería-comedor.

A continuación desglósase a información sobre servicios importantes para o alumnado:

SERVICIOS OFERTADOS AOS ESTUDANTADO

- AULA INFORMÁTICA DE LIBRE ACCESO:

Ordenadores a disposición dos alumnos con aplicaciones de uso corriente, acceso a Internet e posibilidade de impresión de documentos

- REDE INALÁMBRICA:

Acceso WIFI a Internet en toda a Facultade.

- REPROGRAFÍA:

Fotocopias, encuadernacións, transparencias, impresión de documentos, material de estudio, etc...

Horario regular : Mañá de 9 a 14 h. - Tarde de 15:45 a 18:00 h.

- CAFETERÍA E COMEDOR:

Servicio de cafetería completo, almorzos e comidas con menús do día.

Horario SS.Cafetería: De 8:45 a 21 h.

Horario SS.Comedor: De 13 a 15:30 h.

- SERVICIOS ADMINISTRATIVOS:

Servicios de xestión do alumnado (matrículas, traslados, solicitudes de validacións, emisión de títulos, etc...), asuntos económicos e secretaría do Decanato.

Horario atención ó público: De 9 a 14 h.

- BIBLIOTECA:

Servicio de asesoramento e empréstito bibliográfico, salas de estudio e lectura e consulta bases de datos.

Para o servicio de empréstito requírese carnet de biblioteca.

Dotacións: 414 postos de lectura e estudio.

2 postos consulta bases de datos.

29.000 volumes aprox. (libros, informes, etc.)

560 títulos de publicacións periódicas:

330 revistas e 230 estatísticas.

Horario : De 8:45 a 20:45 h.

Equipo decanal

Decano: Jorge Falagán Mota

Secretario: Pedro Lorenzo Alonso

Vicedecana de Coordinación e Calidade: Ana Esther Castro Fernández

Vicedecano de Organización Académica: Javier Roca Pardiñas

Vicedecana de Relacións Internacionais: María Gómez Rúa

(*)

(*)

Grao en Economía

Materias

Curso 1

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
V03G100V01101	Ciencia política: Ciencia política	1c	6
V03G100V01102	Economía: Principios de economía I	1c	6
V03G100V01103	Historia: Historia económica	1c	6
V03G100V01104	Matemáticas: Matemáticas I	1c	6
V03G100V01105	Economía: Técnicas de economía aplicada	1c	6
V03G100V01201	Dereito: Dereito mercantil	2c	6
V03G100V01202	Economía: Economía mundial	2c	6
V03G100V01203	Economía: Principios de economía II	2c	6
V03G100V01204	Empresa: Economía da empresa	2c	6
V03G100V01205	Estatística: Estatística I	2c	6

Curso 2

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
V03G100V01301	Economía española	1c	6
V03G100V01302	Finanzas	1c	9
V03G100V01303	Matemáticas II	1c	6
V03G100V01304	Microeconomía I	1c	9
V03G100V01401	Contabilidade	2c	6
V03G100V01402	Dirección de empresas	2c	9
V03G100V01403	Estatística II	2c	6
V03G100V01404	Microeconomía II	2c	9

Curso 3

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
V03G100V01501	Econometría I	1c	6

V03G100V01502	Economía pública	1c	9
V03G100V01503	Macroeconomía I	1c	9
V03G100V01504	Política económica	1c	6
V03G100V01601	Econometría II	2c	6
V03G100V01602	Economía dos servizos públicos	2c	6
V03G100V01603	Economía industrial	2c	6
V03G100V01604	Macroeconomía II	2c	6
V03G100V01605	Políticas económicas comparadas	2c	6

Curso 4

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
V03G100V01701	Comercio internacional	1c	6
V03G100V01702	Economía internacional	1c	6
V03G100V01901	Benestar, equidade e xénero	1c	6
V03G100V01903	Economía da Unión Europea	2c	6
V03G100V01905	Economía dos recursos naturais e do medio ambiente	1c	6
V03G100V01906	Historia económica de España	2c	6
V03G100V01907	Tributación	2c	6
V03G100V01912	Macroeconomía avanzada	2c	6
V03G100V01913	Economía política e das institucións	1c	6
V03G100V01914	Técnicas cuantitativas para a análise económica	1c	6
V03G100V01915	Microeconomía avanzada	1c	6
V03G100V01916	Teoría de xogos	1c	6
V03G100V01917	Economía da información	2c	6
V03G100V01918	Fundamentos económicos da defensa da competencia	2c	6
V03G100V01919	Economía da saúde	2c	6
V03G100V01991	Traballo de Fin de Grao	2c	12

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Ciencia política: Ciencia política				
Materia	Ciencia política: Ciencia política			
Código	V03G100V01101			
Titulacion	Grao en Economía			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía			
Coordinador/a	Martinez Arribas, Fernando			
Profesorado	Martinez Arribas, Fernando			
Correo-e	fernando.martinez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Comprender o proceso político en xeral e o Estado en particular, estudando as características esenciais da organización institucional e territorial do Estado democrático e os principais actores que operan no mesmo, tendo presente o sistema político español e o proceso de gobernanza multinivel.			

Competencias	
Código	
CE3	Coñecer o marco institucional da economía
CE6	Adquirir coñecementos de Análise económica
CE8	Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e o seu contido

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
-Identificar os ámbitos e contidos de interrelación existentes entre a realidade político-institucional multinivel (local, autonómica, estatal e supraestatal) e a realidade económica.	CE3 CE6
-Comprender a relación directa que existe entre as decisións que afectan os comportamentos económicos e os centros de imputación política de tales decisións	CE8

Contidos	
Tema	
INTRODUCIÓN	1. Que é a política. A política como ciencia: o pensamento político ao longo da historia.
PARTE I. A ORIXE DA ORGANIZACIÓN POLÍTICA E OS MODELOS HISTÓRICOS DE ESTADO	2. Orixe e evolución das formas políticas. 3. O Estado como modelo de organización política: a súa construción histórica.
PARTE II: A ORGANIZACIÓN INSTITUCIONAL E TERRITORIAL DO ESTADO DEMOCRÁTICO	4. A Constitución e os Dereitos Fundamentais. 5. O principio de división de poderes e a distribución funcional do poder: as institucións do Estado. 6. As relacións entre institucións e as formas de Goberno. 7. A distribución territorial do poder e as formas de Estado.
PARTE III: ACTORES E DINÁMICA POLÍTICA DEMOCRÁTICA.	8. A Democracia. 9. Representación política e eleccións. As fórmulas electorais. 10. Os partidos políticos.
PARTE IV. O SISTEMA POLÍTICO ESPAÑOL	11. A Constitución de 1978 e as súas principais institucións políticas. O modelo autonómico. O modelo económico. 12. O novo escenario político español: a emerxencia de novos partidos e a perspectiva dunha revisión do modelo constitucional de 1978.
PARTE V. DO ESTADO NACIONAL AO SISTEMA POLÍTICO INTERNACIONAL	13. A crise do Estado: causas e manifestacións. A globalización. 14. Os procesos de integración rexional no mundo. A Unión Europea. 15. A perspectiva dun goberno mundial.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	8	37	45
Seminario	5	0	5
Debate	5	0	5
Lección maxistral	30	60	90
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	3	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Resolución de problemas	Estas sesións servirán para que o alumno poida transitar da teoría á práctica, aplicando ao caso proposto (o sistema político dun país, o seu modelo económico, unha institución, feito ou proceso político de impacto económico) a doutrina e coñecemento teórico adquirido. Tamén servirá para profundar en cuestións consideradas relevantes, ben sexa respecto de contidos que figuran no programa ou ben de acontecementos sobrevindos de natureza politolóxica. Como métodos complementarios de aprendizaxe utilizaranse alternativamente diferentes técnicas didácticas como o debate dirixido (ou intercambio de ideas sobre un tema susceptible de diversas interpretacións, previamente preparado), o foro (ou discusión de todo o grupo), o role-playing (onde cada alumno ou grupo ha de asumir un papel, pensando e actuando de acordo con el), estudo de casos, o Phillips , etc. Fomentarase a participación activa dos alumnos en todas as sesións presenciais, e considerarase un mérito de face á cualificación final.
Seminario	Nas sesións de titorías en grupo realizaranse diversas actividades (consultas relacionadas con temáticas de especial complexidade, avaliación e debate ao redor da metodoloxía utilizada ou ao desenvolvemento xeral da actividade docente, ...), e das que se informará previamente ao alumnado.
Debate	Argumentación do alumnado sobre contidos da materia.
Lección maxistral	Nas clases teóricas semanais (de dúas horas de duración) exporanse de maneira resumida os principais contidos dos distintos temas do programa. Para un adecuado seguimento destas clases é necesario que os alumnos preparen con antelación, e de maneira individual, os distintos temas, utilizando para iso a bibliografía recomendada e os recursos didácticos que se indiquen. En consonancia cos principios pedagóxicos xenerais da aprendizaxe e coa metodoloxía docente utilizada tradicionalmente por esta área de coñecemento, e tendo en conta os obxectivos apuntados, as clases teóricas terán sempre como referencia fundamental a doutrina e postulados vixentes, reflectindo ao mesmo tempo a achega persoal. A impartición da materia farase desde unha perspectiva científico-política, realista e normativa á vez.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Seminario	Nas sesións de titorías en grupo realizaranse diversas actividades (consultas relacionadas con temáticas de especial complexidade, avaliación e debate ao redor da metodoloxía utilizada ou ao desenvolvemento xeral da actividade docente, ...), e das que se informará previamente ao alumnado.
Resolución de problemas	Actividades, problemas ou exercicios prácticos a resolver. O alumnadodebe dar resposta á actividade formulada, aplicando oscoñecementos teóricos e prácticos da materia.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Resolución de problemas	Actividades, problemas ou exercicios prácticos a resolver. Os alumnos deben dar resposta á actividade formulada, aplicando os coñecementos teóricos e prácticos da materia	E.C. 40	CE3 CE6 CE8
Seminario	Actividades (consultas relacionadas con temáticas de especial complexidade, avaliación e debate ao redor da metodoloxía utilizada ou ao desenvolvemento xeral da actividade docente, ...), e das que se informará previamente ao alumnado.	E.C. 40	
Debate	Argumentación do alumnado sobre contidos da materia	E.C. 40	CE8
Lección maxistral	Asistencia ás clases	E.C. 40	CE3 CE6
Exame de preguntas de desenvolvemento	O exame final consistirá nunha serie de preguntas, non máis de cinco, encamiñadas a verificar o grao de asimilación e aprendizaxe por parte do alumnado dos principais contidos da materia, e abarcando varios niveis de complexidade e profundidade (coñecemento, comprensión, aplicación, valoración...).	E.C. 60	CE3 CE6 CE8

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación programarase en consonancia cos obxectivos e medios, e de acordo con eles. A súa realización constitúe a última fase do proceso de aprendizaxe, e debe entenderse en sentido amplo, xa que o seu obxectivo é triplo: a) comprobar

o cumprimento dos obxectivos; b) orientar e motivar ao alumno; c) cualificar.

Conforme a iso, a nota final da materia calcularase sobre os resultados da avaliación continua, na que a resolución de problemas ou exercicios prácticos, a asistencia a clase ou a participación en seminarios e debates suporá o 40% da nota, e o exame de preguntas de desenvolvemento suporá o 60% restante.
O alumnado disporá dun prazo adecuado -axustado á normativa vixente- para proceder á revisión ou a calquera outra aclaración relacionada cos exames efectuados así como coas cualificacións obtidas.
A cualificación obtida na avaliación continua manterase para todas as convocatorias do curso académico.
Alternativamente ao sistema de avaliación continua, o alumnado poderá optar a ser avaliado cun exame final sobre 10 puntos que suporá o 100% da cualificación.
Na convocatoria fin de carreira, o exame suporá o 100% da cualificación.
As datas de exames deberán ser consultadas na Páxina web da Facultade (http://fccee.uvigo.es).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Vallés, Josep María - Martí, Salvador, **Ciencia Política: un manual**, Ariel, Barcelona, 2015,

Bibliografía Complementaria

Danziger, James N. - Smith, Charles A., **Understanding the Political World**, Pearson International Edition, New York, 2014,
Held, David, **Cosmopolitismo. Ideales y realidades**, Alianza, Madrid, 2012,
López Mira, Alvaro Xosé, **Sistema político español e galego**, Andavira, Santiago de Compostela, 2018,
Morata, Francesc, **La Unión Europea**, Ariel, Barcelona, 2004,
Runciman, David, **Política**, Turner, Madrid, 2014,
Sánchez Medero, Gema - Sánchez Medero, Rubén (Dir.), **Fundamentos de la Ciencia Política y de la Administración**, Tecnos, Madrid, 2015,
Sodaro, Michael J., **Política y ciencia política: una introducción**, 2ª ed., McGraw Hill, Madrid, 2010,

Recomendacións

Outros comentarios

Para unha adecuada comprensión e asimilación dos contidos desta materia por parte do alumnado non se requiren uns prerrequisitos formais, ao non ser necesarios uns coñecementos previos especializados. É suficiente coa preparación previa de carácter xeral esixida para poder cursar estudos de Grao no ámbito universitario. A este respecto recoméndase ter cursado as materias afíns do Bacharelato. É aconsellable tamén que o alumnado se habitúe a unha lectura diaria da prensa, tanto nacional como internacional, o que facilitará a súa comprensión e familiarización coa realidade e terminoloxía politolóxica.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determíneno atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
En caso de activación da planificación extraordinaria manteranse as metodoloxías previstas nesta guía docente, excepto as que resulten incompatibles ou moi difíciles de levar a cabo en devandita situación, caso de debates ou seminarios.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
En caso de activación da planificación extraordinaria manteranse os criterios de avaliación, aínda que a valoración de metodoloxías que non se puidesen utilizar (singularmente debates ou seminarios) integraríase no apartado de resolución de problemas.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Economía: Principios de economía I				
Materia	Economía: Principios de economía I			
Código	V03G100V01102			
Titulacion	Grao en Economía			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua impartición	Castelán Inglés			
Departamento	Fundamentos da análise económica e historia e institucións económicas			
Coordinador/a	González Savignat, María del Mar			
Profesorado	Giménez Fernández, Eduardo Luís González Savignat, María del Mar Manzano González, Baltasar			
Correo-e	savignat@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A economía é unha ciencia social que estuda a produción, a distribución e o consumo de bens e servizos. Analiza como os individuos toman decisións, como interactúan e como inflúen no seu comportamento as institucións e os incentivos. O obxectivo desta materia é sentar as bases dunha linguaxe rigorosa e transmitir os coñecementos económicos básicos para que o alumno aprenda a pensar como un economista. O programa da materia ofrece unha visión panorámica das grandes ideas que se repiten en Economía como o custo de oportunidade, a toma de decisións en termos marxinais, o papel dos incentivos, a eficiencia das asignacións do mercado, e así até dez principios básicos que constitúen o fundamento da maior parte da análise económica.			

Competencias	
Código	
CE2	Comprender a linguaxe económica básica e o modo de pensar dos economistas
CE5	Comprender as bases de funcionamento da economía, tanto nos ámbitos máis amplos como nos máis próximos
CE6	Adquirir coñecementos de Análise económica
CE10	Capacidade de formular modelos simples de relación das variables económicas, baseados na utilización de instrumentos técnicos
CT5	Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas

Resultados de aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias	
Familiarizar ao alumno coa linguaxe económica e a súa aplicación ao funcionamento básico da economía	CE2 CE5 CE6	
Identificar as ferramentas da análise económica	CE10	CT5
Aplicar os fundamentos económicos a problemas cotiáns	CE10	CT5

Contidos	
Tema	
PARTE I: Introdución	Tema 1. Os principios básicos da economía Tema 2. Pensar como un economista
PARTE II: Oferta e demanda: funcionamento dos mercados e benestar	Tema 3. Oferta e demanda: as forzas do mercado Tema 4. A elasticidade e a súa aplicación Tema 5. Mercados, eficiencia e benestar. Excedente do consumidor e produtor. Tema 6. Intervención pública e política económica: control de prezos e impostos
PARTE III: Fallos do mercado	Tema 7. Externalidades e bens públicos

PARTE IV: A conduta da empresa. A organización da industria	Tema 8. Produción e custos de produción Tema 9. A empresa en mercados competitivos: maximización do beneficio. Tema 10. Poder de mercado. Monopolio. Oligopolio. Competencia monopolística.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	30	36	66
Resolución de problemas	20	34	54
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	18	20
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	9	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas ao estudante, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Resolución de problemas	Metodoloxía que permite ao alumnado aprender de forma efectiva a través da realización de actividades de carácter práctico tales como exercicios e supostos mediante o uso do apreso nas leccións maxistrais. Os obxectivos desta técnica son: alcanzar unha maior competencia dos contidos apresos na teoría e ilustrar as súas potenciais aplicacións.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	As titorías individuais serán no despacho do profesor dentro dun horario predeterminado polo profesor e nas que poderá resolver dúbidas ou facer consultas relacionadas coa materia. Nos grupos de docencia reducida o profesor resolverá as dúbidas que xurdan no desenvolvemento das clases prácticas.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Exame final con probas de resposta obxectiva e/ou exercicios	60	CE2 CE5 CE6 CE10	CT5
Resolución de problemas e/ou exercicios	DIVERSAS PRUEBAS A DESARROLLAR AO LONGO DO CUADRIMESTRE	40	CE2 CE5 CE6 CE10	CT5

Outros comentarios sobre a Avaliación

A nota final da materia constará de dous bloques. Por unha banda, o exame final valerá un 60% da nota (6 puntos) e doutra banda, a avaliación continua que pesará ata un 40% na nota final (4 puntos). Exame final (ata 6 puntos): Haberá un exame final que se realizará na data oficial establecida no calendario de exames. Avaliación continua (ata 4 puntos): pode supoñer a entrega de exercicios e/ou a nota dos controis ou probas que periódicamente póidanse realizar. A nota do exame realizado na convocatoria oficial prevalecerá como cualificación final si esta fose superior á que se obtería mediante o sistema de avaliación continua. Nas convocatorias extraordinarias do curso manteranse os mesmos criterios de avaliación, polo que se gardará a nota de avaliación continua obtida durante o curso académico. Na convocatoria de fin de carreira o exame supoñerá o 100% da avaliación. A data do exame final será a especificadas no calendario oficial de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o curso e publicadas na páxina web do centro.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

BASICA: Mankiw, N. G, **Principios de Economía**, 6ª edición,

Bibliografía Complementaria

Krugman P., Wells R. y Olney, M. L., **Fundamentos de Economía**, 3ª edicion,

Goolsbee, A., Levitt, S. y C. Syverson, **Microeconomía**,

Bernanke, B. S. y Frank, R. H.,, **Principios de Economía**, 3º edicion,
Samuelson, P. A. y Nordhaus W. D, **Economía**, 19ª edicion,
D. Acemoglu, D. Laibson y J.A. List, **Economics**,

Recomendacións

Outros comentarios

Esta guía docente foi redactada en castelán. En caso de existir algunha discrepancia entre a versión en castelán e a versión en galego, o que prevalece é o que expón a guía docente en castelán.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determíneno atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
As clases presenciais, as tutorías e as probas de avaliación, no caso de que ocorran unha circunstancia excepcional que non permita a presencialidad, serán substituídas por clases e atención virtual utilizando todos os recursos dispoñibles para iso (FAITIC, CAMPUS REMOTO e correo electrónico)

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
O peso do as probas que conforman a nota final non se modificará si ocorren circunstancias excepcionais.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Historia: Historia económica				
Materia	Historia: Historia económica			
Código	V03G100V01103			
Titulacion	Grao en Economía			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Fundamentos da análise económica e historia e institucións económicas			
Coordinador/a	Vallejo Pousada, Rafael			
Profesorado	Vallejo Pousada, Rafael			
Correo-e	vallejo@uvigo.es			
Web	http://vallejo.webs6.uvigo.es/es/			
Descrición xeral	A materia Historia Económica Mundial ten por obxecto iniciar aos estudantes de Economía no estudo do longo prazo, das grandes transformacións na organización económica das sociedades humanas, desde o século XI até principios do século XXI, para entender como se conformaron as bases da economía actual. Atende aos grandes cambios nas formas de produción, nas bases tecnolóxicas e enerxéticas, nas modelos organizativos e institucionais, así como aos cambios nos modos de comercio e distribución.			

Competencias	
Código	
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CG1	Desenvolver sensibilidade respecto ao medio ambiente e compromiso cunha economía sustentable
CE2	Comprender a linguaxe económica básica e o modo de pensar dos economistas
CE3	Coñecer o marco institucional da economía
CE4	Capacidade para situar a economía na súa evolución histórica
CE5	Comprender as bases de funcionamento da economía, tanto nos ámbitos máis amplos como nos máis próximos
CE6	Adquirir coñecementos de Análise económica
CE7	Comprender o entorno empresarial
CE8	Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e o seu contido
CE9	Identificar e anticipar problemas económicos relevantes nos ámbitos público e privado
CT1	Respecto aos valores éticos e cívicos. Compromiso ético co traballo
CT2	Capacidade de traballar en equipo
CT4	Responsabilidade e capacidade de asumir compromisos
CT5	Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas
CT7	Fomentar a actitude crítica e autocrítica

Resultados de aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias	
Interpretación e comprensión dos conceptos económicos e historiográficos fundamentais.	CE2	
Coñecer o marco institucional da economía.	CE3	
Comprender o proceso de nacemento e transformación das principais institucións económicas ao longo do tempo	CE3	
Coñecer o sistema europeo de contabilidade nacional	CE6	
Saber situar a economía na súa evolución histórica.	CE4	
Distinguir os condicionantes e as forzas que impulsan ou frean o crecemento económico no longo prazo	CE5	
Capacidade para buscar información económica, analizar a evolución dunha economía e a súa comparación con outras economías	CE8	
Entender as bases de funcionamento da economía, tanto nos ámbitos máis amplos como nos máis próximos.	CE5	
Manexo e interpretación dos contidos de textos e representacións gráficas	CE6 CE8	
Capacidade para a análise crítica sobre as ferramentas a utilizar e na interpretación dos resultados, a nivel individual ou de grupo	CE8	CT5 CT7
Posuír habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e o seu contido.	CE8	
Consideración dos valores e principios cívicos como factores integrantes da análise dos feitos económicos		CT1

Fomentar a calidade, claridade e precisión na expresión para argumentar de forma coherente			CT5
Desenvolver sensibilidade respecto ao medio ambiente e compromiso cunha economía sustentable.		CG1	
Fomentar a capacidade de organización de coñecementos e a súa exposición, oral ou escrita, de maneira clara, adecuada e eficiente	CB4		CT5
Ser capaz de traballar en equipo.	CB3 CB4		CT2
Tratamento e interpretación dos coñecementos de forma sintética e crítica	CB3		CT7
Posuír espírito emprendedor e capacidade de liderado, incluíndo a empatía co resto de persoas.			CT1 CT2 CT4
Aplicación dos coñecementos na evolución dos feitos económicos á comprensión dos problemas máis recentes de natureza económica e os seus efectos.		CE5	
Demostrar habilidades para argumentar de forma coherente e inteligible, tanto orais como escritas.			CT5
Evidenciar competencias ligadas á procura e organización de documentación e á presentación do seu traballo de maneira adecuada á audiencia.			CT5
Fomentar a actitude crítica e autocrítica.			CT7
Exercitar habilidades de aprendizaxe autónoma que abran campos para a innovación.		CE7 CE9	

Contidos	
Tema	
1. Introdución á Historia Económica Mundial	1.1. Uns conceptos previos: Historia e Economía. Obxecto e suxeitos. 1.2. Organización e contido da Historia Económica.
2. As economías preindustriales	2.1. A economía nos séculos XI-XV: poboación, produción e comercio. 2.2. A economía na época do Mercantilismo: a expansión occidental, séculos XVI-XVIII.
Tema 3. Revolución industrial e industrialización, 1763-1914.	3.1. Paz e guerra: A transición ao capitalismo industrial e a revolución industrial, 1763-1815. 3.2. O século da industrialización, 1815-1914. Difusión da revolución industrial e transformación nas súas bases enerxéticas, tecnolóxicas e organizativas. 3.3. Relacións internacionais e comercio mundial na era da industrialización.
Tema 4. A economía mundial entre a I Guerra Mundial e a caída do Muro de Berlín.	4.1. A economía entre e durante as dúas guerras mundiais, 1914-1945. 4.2. A sociedade opulenta e a desigualdade mundial, 1945-1991: produción e comercio na sociedade do consumo de masas.
5. A economía a finais do século XX.	5.1. Globalización e nova revolución tecno-económica. 5.2. Principais tendencias da produción, o comercio e a distribución da renda.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	30	45	75
Seminario	15	30	45
Seminario	5	2	7
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	6	7
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	15	16

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Esta lección consiste na exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, con apoio en recursos informáticos. Aínda que estas clases teñen un carácter expositivo, non exclúen en absoluto a intervención dos alumnos. Como se verá, fomentarase nas mesmas as preguntas e algúns debates sobre as cuestións tratadas. Dúas horas semanais.

Seminario	Realizaranse, cunha duración por sesión 2 h,30', 8 seminarios (2 destes seminarios especifícanse no apartado seguinte). Os seminarios están expostos cun carácter práctico: aprendizaxe activa a través do acceso á información -escrita ou visual-, a lectura, a escritura e o debate en clase. Abarcan lecturas de artigos, capítulos de libros, visionado dalgún documental ou película, preparación de síntese e, no seu caso dalgún powerpoint para as presentacións en clase, respostas a cuestionarios e realización de exercicios de interpretación estatísticas económicas (series históricas, cadros, etc.). O contido de cada seminario práctico preséntase sempre na plataforma docente, con antelación. Nesta presentación defínense os seus obxectivos, as cuestións concretas a abordar, os materiais cos que traballar ou que han de ser buscados polos alumnos e alumnas. Tamén serán presentados en clases, polo profesor, cunha ou dúas semanas de antelación. Plataforma docente e Libro de Prácticas: As prácticas dos seminarios sóbense, resoltas, á plataforma docente o día antes de ser vistas en clase. Tras velas e discutilas en clase, faranse polos alumnos as correccións que estimen oportunas. E así corrixidas sóbense ao Libro de Prácticas, seguindo a orde en que son vistas en clase. Este Libro de Prácticas, que inclúe un breve diario da docencia, é obxecto de avaliación final. Dous dos seminarios serán dedicados ás Guerras Mundiais, como se explica no apartado correspondente.
Seminario	Realizásense 2 seminarios, dedicados ás dúas guerras mundiais do século XX, con titorías específicas para os grupos (2 h 30' cada seminario). Estes dous seminarios requirirán procuras bibliográficas e doutros materiais, para estudar a economía durante as guerras e as súas consecuencias, que esixirán titorías personalizadas para os grupos que se formen para realizar os correspondentes traballos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Os seminarios teñen un carácter práctico. Abarcan lecturas de artigos, capítulos de libros, preparación de síntese e, no seu caso dalgún powerpoint para as presentacións en clase, respostas a cuestionarios e realización de exercicios de interpretación estatísticas económicas (series históricas, cadros, gráficos). As dúbidas resólvense na tutorías individuais e a través do Foro que se abre na plataforma de FAITIC.
Seminario	Na plataforma de FAITIC ábrese un Foro de preguntas sobre o curso que serve de canle para a relación entre alumnos e profesor, e entre o alumnado, para canalizar dúbidas, respostas e suxestións
Lección maxistral	A aprendizaxe xorde da recepción de información (dimensión receptiva) e do tratamento intelixente desa información (dimensión activa), desde a súa procura, até a súa provisión e procesamiento. Non hai aprendizaxe sen o traballo activo dos propios alumnos. O profesor fomentarao, instando á participación do alumnado tanto nas clases teóricas como nas prácticas, que esixirán unha actividade continuada ao longo de todo o curso, e a resolución das preguntas ou dúbidas que vaian xurdindo, a título individual ou colectivo. Neste proceso de aprendizaxe, nas clases teóricas e prácticas, haberá unha atención oportuna ás dúbidas ou as dificultades que poidan xurdir, directamente nas clases, nas tutorías ou a través da plataforma docente desta materia en FAITIC.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Seminario	Os seminarios específicos sobre as economías durante a guerra e as consecuencias económicas das mesmas teñen igualmente un carácter eminentemente práctico. Abarcan procura de materiais, lecturas de artigos, capítulos de libros, preparación dunha síntese e dun powerpoint para as presentacións en clase, respostas ás preguntas dos restantes compañeiros/as e do profesor unha vez feitas as exposicións	25	CB3 CB4	CE2 CE3 CE4 CE5 CE6 CE7 CE8 CE9	CT1 CT2 CT4 CT5 CT7

Seminario	Os seminarios teñen un carácter práctico. Abarcan lecturas de artigos, capítulos de libros, preparación de síntese e, no seu caso dalgún powerpoint para as presentacións en clase, respostas a cuestionarios e realización de exercicios de interpretación estatísticas económicas (series históricas, cadros, gráficos). Preséntanse sempre na plataforma docente, con antelación, definindo os seus obxectivos, as cuestións concretas a abordar, e os materiais cos que traballar ou que han de ser buscados polos alumnos e alumnas. Tamén serán presentados en clases, polo profesor, cunha semana de antelación. As prácticas dos seminarios sóbense, resoltas, á plataforma docente o día antes de ser vistas en clase. Tras velas e discutilas en clase, faranse as correccións que estimen oportunas. E así corrixidas sóbense ao Libro de Prácticas, seguindo a orde en que son vistas en clase. A avaliación valora os exercicios e a participación en clase, por unha banda, e o Libro de Prácticas, por outro. A resultante é unha nota media.	25	CB3 CB4	CE8 CE9	CT1 CT4 CT5 CT7
Resolución de problemas e/ou exercicios	Realizarase un exame final da materia, con varias preguntas de desenvolvemento (a metade procedentes da parte das prácticas; a outra metade da parte da teoría). O exame final ten unha parte correspondente aos exercicios/problemas prácticos realizados en clase con motivo dos seminarios. Valorarase a calidade formal das respostas e o seu contido. O exame terá, en conxunto, unha duración máxima de dúas horas.	25		CE2 CE3 CE4 CE7	CT5
Exame de preguntas de desenvolvemento	Realizarase un exame final da materia, con varias preguntas de desenvolvemento (a metade procedentes da parte das prácticas; a outra metade da parte da teoría). As preguntas da parte teóricas tratarán os contidos das clases maxistrais O exame terá unha duración máxima de dúas horas	25	CB3 CB4	CE2 CE3 CE4 CE7 CE8 CE9	CT5 CT7

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. A avaliación contida nesta guía docente está dirixida a alumnas e alumnos de ensino presencial.

2. A tutoría dos grupos que se constitúan é obrigatoria.

3. Os seminarios de prácticas, que se estenden ao longo de todo o curso, son de asistencia obrigatoria. Representan o 50% da nota da nota final. Valoraranse as actividades realizadas ao longo do curso: exposicións nas clases prácticas; a intervención nos debates; os exercicios escritos, que se trasladarán ao Libro de Prácticas, que se irá confeccionando ao longo do curso e subirase á plataforma docente.

4. A calificación obtida no exame final suporá o 50% da nota final.

5. Os alumnos e alumnas que non asistan de forma regular, teñen en todo caso que facer as prácticas, a través da plataforma docente, e presentarse ao exame final, coa parte práctica e teórica da materia.

6. As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro. Daranse a coñecer tamén a través da plataforma docente desta materia en FAITIC.

7. A avaliación de Xullo seguirá os mesmos criterios que os da convocatoria ordinaria.

8. Para o alumnado que renuncia ao ensino presencial: o 100% da nota final obterase mediante un exame final escrito. Deberá realizarse esta renuncia durante o tres primeiras semanas do setembro. Este alumnado deberá seguir as clases prácticas, realizándoas mesmo virtualmente, pois forman parte das aprendizaxes sometidas á avaliación final.

9.Datas e horarios das probas de avaliación final, atoparalas en: http://fccee.uvigo.es/organizacion-docente.html

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Allen, R. C., **Global economic history : a very short introduction**, Oxford University Press, 2011

Allen, R. C., **Historia económica mundial: una breve introducción**, Alianza, 2011

Cameron, R. y Neal, L., **Historia Económica Mundial. Desde el paleolítico hasta el presente**, 5ª, Alianza, 2005

Cameron, R.; Neal, L., **A Concise Economic History of the World: From Paleolithic Times to the Present**, 5ª, Oxford University Press, 2016

Clark, G, **Adiós a la sopa de pan, hola al sushi**, Universidad de Valencia, 2014

Comín,F., Hernández, M.,Llopis, E. (eds), **Historia Económica de España siglos X-XX**, Crítica, 2002

Feliù, G.; Sudrià, C., **Introducción a la historia económica mundial**, 2ª edición, Universidad de Valencia, 2013

Tello Argay, E. (coord), **Guia práctica de historia económica mundial**, UAB publicaciones, 2005

Williamson, J.G, **Comercio y Pobreza: cúando y cómo comenzó el atraso del terer mundo**, Crítica, 2012

Bibliografía Complementaria

Baten, Joerg, **A History if the global economy. 1500 to the present**, Cambridge University Press, 2016

Camps Cura, E., **Historia Económica Mundial. La formación de la economía internacional (siglos XVII-XX)**, McGraw Hil, 2013

Clark, G, **A Farewell to Alms. A brief economic history of the world**, Princeton University Press, 2007

Comín, F., **Historia económica mundial. De los orígenes la actualidad**, Alianza, 2011

Comín, F. Hernández,M. Llopis, E., **Historia Económica Mundial. Siglos X-XX**, Crítica, 2005

De Vries, J., **La revolución industriosa. Consumo y economía doméstica desde 1650 hasta el presente**, Crítica, 2009

Frieden, J. A, **Capitalismo Global:el transfondo económico de la historia del siglo XX**, Crítica, 2007

Hobsbawn, E. J., **Historia del siglo XX: 1914-1991**, Crítica, 1995

Kenwood, A.G. and A.L. Lougheed, **Historia del desarrollo económico internacional**, 4ª, Itsmo, 1995

Kenwood, A.G and Lougheed,A.L.; Graff, M., **Growth of the international economy, 1820-2015**, 5ª, Routledge, 2011

Kriedte, P., **Feudalismo tardío y Capital Mercantil**, 10ª, Crítica, 1989

Maddison, A., **La economía mundial: una perspectiva millonaria**, Mundi-Prensa, 2002

Palafox,J. (ed), **Los tiempos cambian: historia de la Economía**, Tirant lo Blanc, 2014

Tortella, G., **Los orígenes del siglo XXI. Un ensayo de historia social y económica contemporánea**, Gadir, 2005

Williamson, J.G, **Trade and poverty: when the Third World fell behind**, Mit Press, 2011

Zamagni, V., **Historia Económica de la Europa Contemporánea**, Crítica, 2001

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Economía: Economía mundial/V03G100V01202
Economía española/V03G100V01301
Política económica/V03G100V01504
Economía política e das institucións/V03G100V01913
Historia económica de España/V03G100V01906
Técnicas cuantitativas para a análise económica/V03G100V01914

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Ciencia política: Ciencia política/V03G100V01101
Economía: Economía mundial/V03G100V01202

Outros comentarios

1. Para a preparación deste curso, nun escenario de posible confinamento, aconséllase mercar desde o inicio do curso un manual de Historia Económica. O manual aconsellado é Jordi Palafox (editor), Los tiempos cambian. Historia de la Economía, Valencia, Tirant Humanidades, 2014.

2. Aconséllase un traballo regular, sistemático, ao longo do cuadrimestre, tanto no referente aos contidos teóricos transmitidos nas clases maxistrais como nos traballos de seminario prácticos.

3. Na parte práctica como na teórica, será especialmente tido en conta o interese demostrado e a calidade das intervencións, ben sexa dentro dos grupos de traballo que se formen, ben individualmente.

4. Considérase relevante unha actitude construtiva, crítica, e a participación activa nas clases teóricas e prácticas.

5. A expresión escrita debe coidarse de forma especial: a claridade na exposición, a orde, e o rigor ortográfico e sintáctico son fundamentais nun estudante universitario.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

Ante a incerteza sobre a evolución da pandemia COVID 19, consideramos os seguintes escenarios:

MODALIDADE MIXTA
As clases serán impartidas de forma presencial e de forma online, a través de Campus Remoto e a plataforma Faitic, seguindo as directrices establecidas pola UVigo.
A metodoloxía e os criterios de avaliación serán os recolleitos nesta guía.

MODALIDADE NON PRESENCIAL
No caso de que non poida haber docencia presencial, esta realizarase online, tanto as clases teóricas como prácticas, a través do Campus Remoto e da plataforma Faitic, seguindo as directrices establecidas pola UVigo. Os materiais das clases prácticas fornécense aos alumnos/ as do mesmo xeito que cando as prácticas son presenciais. En canto ao manual, este curso aconséllase a compra do mesmo a todo o alumnado ao principio do curso, ante a posibilidade do peche das bibliotecas nun escenario de confinamento. (Especifícase no apartado 9 de recomendacións).

AVALIACIÓN
No relativo ás probas de avaliación, no caso de confinamento, tanto os exames dos contidos de cada seminario e a parte do temario desenvolta nos grupos grandes, poderanse realizar online a través da plataforma Faitic, ou a través do Campus Remoto na data e o horario establecidos no calendario de exames do centro.
As preguntas de desenvolvemento poderán ser substituídas e/ou complementadas por preguntas test cando as probas de avaliación non se poidan realizar presencialmente.

TUTORIZACIÓN
Para todas as modalidades, as seccións de tutorización realizásense por medios telemáticos (correo electrónico, Videoconferencia,..), baixo a modalidade de concertación previa.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Matemáticas: Matemáticas I				
Materia	Matemáticas: Matemáticas I			
Código	V03G100V01104			
Titulacion	Grao en Economía			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Matemáticas			
Coordinador/a	Estévez Toranzo, Margarita			
Profesorado	Estévez Toranzo, Margarita			
Correo-e	mestevez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O obxectivo desta asignatura é proporcionar ao estudante a linguaxe e as principais técnicas matemáticas necesarias para comprender a literatura económica elemental e para capacitarlle para plantear e analizar os modelos ligados aos problemas económicos.			

Competencias	
Código	
CE1	Comprender as ferramentas matemáticas básicas, necesarias para a formalización do comportamento económico
CE2	Comprender a linguaxe económica básica e o modo de pensar dos economistas
CE8	Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e o seu contido
CE10	Capacidade de formular modelos simples de relación das variables económicas, baseados na utilización de instrumentos técnicos
CE12	Avaliar, utilizando técnicas empíricas, as consecuencias de distintas alternativas de acción e seleccionar as máis idóneas
CT2	Capacidade de traballar en equipo
CT5	Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas
CT7	Fomentar a actitude crítica e autocrítica

Resultados de aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias	
Avaliar utilizando técnicas matemáticas as consecuencias de distintas alternativas de acción e seleccionar as máis idóneas.	CE1 CE8 CE12	CT2 CT5
Habilidades para argumentar de modo rigoroso, coherente e intelixible, tanto en forma oral como escrita.	CE1	CT5 CT7
Capacidade de formular modelos simples de relación das variables económicas baseado no manexo da álxebra lineal e do cálculo diferencial.	CE2 CE10	CT2 CT5

Contidos	
Tema	
1. Cálculo matricial.	Vectores. Matrices. Operacións con matrices. Inversa dunha matriz. Ecuacións matriciais. Sistemas de ecuacións lineais.
2. Funcións dunha variable real	Introdución. Gráficas. Límites e continuidade. Teorema de Bolzano. Teorema dos valores intermedios. Teorema do punto fixo.
3. Cálculo diferencial de funcións dunha variable real	O concepto de derivada. Cálculo de derivadas. Derivación de funcións compostas. Crecemento. Máximos e mínimos. Teorema de Rolle. Teorema do valor medio.
4. Aplicacións das derivadas de funcións dunha variable real	Derivadas de orde superior. Teorema de Taylor. Estudio de extremos. Convexidade e concavidade.
5. Integración.	Áreas baixo curvas. Teorema fundamental do cálculo integral. Derivación de integrais. Cálculo de primitivas.
6. Derivadas parciais	Derivadas parciais. Cálculo de derivadas parciais. Vector gradiente. Matriz xacobiana. Regra da cadea. Derivadas de orde superior. Matriz hessiana.
7. Optimización sen restriccións.	Introdución e definicións. Puntos críticos. Condicións necesarias para a existencia de extremos.
8. Optimización con restriccións de igualdade.	Introdución. Función lagrangiana. Condición necesaria para a existencia de óptimos: teorema dos multiplicadores de Lagrange.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	30	60	90
Resolución de problemas	12	22.8	34.8
Resolución de problemas de forma autónoma	8	17.2	25.2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte da profesora dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo ou exercicio.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. Desenvolverase este traballo mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase utilizar como complemento da lección maxistral.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O estudante debe desenvolver este traballo de forma autónoma e resolver os problemas e/ou exercicios propostos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas de forma autónoma	Asesoramento e aclaración de dúbidas (individual ou en grupo) sobre o traballo que os estudantes deben levar a cabo ao longo do curso.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Resolución de problemas	Realizaranse tres ou catro probas curtas ao longo do cuatrimestre que suporán o 40 por cento da nota.	40	CE1 CT5 CE2 CT7 CE8 CE10 CE12
Cartafol/dossier	Recompilación do traballo do/a estudante co obxectivo de amosar os seus esforzos, progresos e logros na materia. A recompilación incluirá os traballos e probas que determine a docente e serán subidos á plataforma FAITIC no tempo e forma que se determinen. O cartafol/dossier debe estar completo para ser evaluado. Non será avaliado no caso de que esté incompleto ou se detecte calquera tipo de plaxio.	30	
Exame de preguntas obxectivas	Probas que avalían o coñecemento que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). O/a estudante selecciona unha resposta entre un número limitado de posibilidades. Correspóndese cos cuestionarios que se realizan ao longo do curso en FAITIC.	30	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Proba na que o/a estudante debe solucionar unha serie de problemas e/ou exercicios nun tempo e condicións establecidos polo profesorado, aplicando os coñecementos que adquiriu. É parte do exame final.	20	
Exame de preguntas de desenvolvemento	Probas para avaliar as competencias adquiridas que inclúen preguntas directas sobre un aspecto concreto. Cada estudante debe responder de maneira directa e breve en función dos coñecementos que teña sobre a materia. É parte do exame final.	20	

Outros comentarios sobre a Avaliación

O sistema de avaliación nas convocatorias ORDINARIA E EXTRAORDINARIA consta de dúas alternativas.

1. Avaliación CONTINUA. Está formada por:
- Cartafol (FAITIC) - 30% - Debe incluir todas as actividades para ser avaliado.- Cuestionarios (FAITIC) - 30% - Deben realizarse todos os cuestionarios para ser avaliado.- Exame final (Presencial) - 40%
2. Avaliación NON CONTINUA :
- Exame final (100%). Este exame será diferente ao realizado baixo a opción de Avaliación CONTINUA.
IMPORTANTE:
- A elección por parte do alumnado dunha das alternativas farase explícito o día do exame final.
- No caso de participar nalgunha proba intermedia e non presentarse ao exame final, a nota final da materia será a nota dos cuestionarios e o dossier.
- No caso de AVALIACIÓN CONTINUA, de detectarse plaxio nalgunha das probas intermedias, o sistema de avaliación pasará a ser o de NON CONTINUA.
No sistema de avaliación da convocatoria DE FIN DE CARREIRA o exame final suporá o 100% da calificación.
As datas de exames deberán ser consultadas na páxina web da Facultade: http://fccee.uvigo.es

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

BUENO CAMPOS, E., **Curso básico de economía de la empresa: un enfoque de organización**, 2002,

CRESPO FRANCO, T. e PIÑEIRO GARCÍA, P., **Producción. Planificación, programación e control, Exercicios resoltos**, 2005,

MAYNAR MARIÑO, P.; BAÑEGIL PALACIOS, T.M. e GALERA CASQUET, C., **La economía de la empresa en el espacio europeo de educación superior**, 2008,

CRESPO FRANCO, T. e PIÑEIRO GARCÍA, P., **Producción. Planificación, programación e control**, 2005 (2ª edición),

DÍEZ DE CASTRO, E e REDONDO LÓPEZ, C., **Administración de empresas**, 1999,

FERNÁNDEZ SÁNCHEZ, E.; JUNQUERA CIMADEVILLA, B. e DEL BRÍO GONZÁLEZ, J.A., **Iniciación a los negocios para ingenieros. Aspectos funcionales**, 2008,
GIL ESTALLO, M.A. e GINER DE LA FUENTE, F. E., **Cómo crear y hacer funcionar una empresa**, 2007 (7º edición),
JIMÉNEZ CABALLERO, J.L.; PÉREZ LÓPEZ, C. e DE LA TORRE GALLEGOS, A., **Dirección financiera de la empresa. Teoría y práctica**, 2007,
KRAJEWSKI, L.J. e RITZMAN, L.P., **Administración de operaciones. Estrategia y análisis**, 2000 (5ª edición),
KOONTZ, H. e WEIHRICH, H., **Administración: una perspectiva global**, 2004,
PÉREZ GOROSTEGUI, E., **Introducción a la economía de la empresa**, 2002,
PIÑEIRO GARCÍA, T.; ARÉVALO TOMÉ, R.; CABALLERO FERNÁNDEZ, G. e GARCÍA-PINTOS ESCUDER, A., **Introducción a la economía de la empresa. Un enfoque teórico-práctico**, 2009,
SUÁREZ SUÁREZ, A.S., **Curso de economía de la empresa**, 1996,

Recomendacións

Outros comentarios

Plan de Continxencias

Descrición

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

As metodoloxías docentes e de avaliación propostas considéranse axeitadas ante unha posible situación excepcional derivada da evolución do COVID-19, trasladándose ao Campus Remoto e/ou á Plataforma Faitic. En canto ao mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías), nesa situación, realizarase a través do correo electrónico, foros en Faitic e/ou aulas virtuais.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Estatística: Estatística I				
Materia	Estatística: Estatística I			
Código	V03G100V01205			
Titulacion	Grao en Economía			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Estatística e investigación operativa			
Coordinador/a	Rodríguez Campos, María Celia			
Profesorado	Rodríguez Campos, María Celia			
Correo-e	mcrdguez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Estatística I é unha materia de formación básica que se imparte no segundo cuadrimestre do primeiro curso do Grao en Economía e consta dun total de 6 créditos ECTS, que se corresponden con 150 horas de traballo do alumnado. Con esta materia preténdese, en primeiro lugar, que o alumnado sexa capaz de manexar adecuadamente a información contida nun conxunto de datos. Para iso, aprenderá a organizala, representala gráficamente e resumila nunha serie de indicadores cuxa correcta interpretación permitiralles obter unha visión global do funcionamento do proceso en estudo. Por outra banda, proporcionarase ao alumnado a ferramenta teórica básica para comprender o comportamento dos fenómenos aleatorios, entre os que se inclúen numerosos procesos económicos, e os diferentes modelos que se utilizan para representalos. O seguimento do curso de Estatística I, xunto co de Estatística II no segundo cuadrimestre do segundo curso, dotará ao alumnado da capacidade de afrontar as distintas etapas dunha investigación estatística, desde a formulación dun problema real ata a interpretación das análises realizadas, que permitirán entender mellor as características do fenómeno estudado e aplicar este coñecemento en ámbitos como a predición do seu comportamento futuro.			

Competencias	
Código	
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CG2	Competencias ligadas á procura e organización de documentación e á presentación do seu traballo de maneira adecuada á audiencia
CG7	Fomentar o espírito investigador, desenvolvendo a capacidade para analizar problemas novos cos instrumentos adquiridos
CE1	Comprender as ferramentas matemáticas básicas, necesarias para a formalización do comportamento económico
CE6	Adquirir coñecementos de Análise económica
CE8	Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e o seu contido
CE10	Capacidade de formular modelos simples de relación das variables económicas, baseados na utilización de instrumentos técnicos
CE12	Avaliar, utilizando técnicas empíricas, as consecuencias de distintas alternativas de acción e seleccionar as máis idóneas
CE13	Capacidade de elaborar informes de asesoramento económico
CT5	Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas
CT7	Fomentar a actitude crítica e autocrítica

Resultados de aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Organizar en táboas e representar gráficamente un conxunto de datos	CG2	CE10 CE12	
Coñecer os principais coeficientes utilizados na análise descritiva dun conxunto de datos		CE1 CE6	
Calcular os coeficientes apropiados segundo a natureza das observacións e o tipo de análise a realizar	CB2 CG7	CE6 CE10 CE12 CE13	
Interpretar adecuadamente os resultados obtidos na análise descritiva dos datos	CB3	CE6 CE10 CE13	CT5 CT7
Comprender o concepto de experimento aleatorio e identificar os posibles sucesos		CE1	

Coñecer e comprender o concepto de probabilidade e as súas propiedades			CE1	
Resolver correctamente exercicios sobre cálculo de probabilidades	CB2	CG7	CE1	
Comprender o concepto de variable aleatoria e distinguir entre variables discretas e continuas			CE1 CE6	
Calcular probabilidades relativas a unha variable aleatoria			CE1 CE6	
Coñecer e obter as principais características das variables aleatorias			CE1 CE6 CE10	
Coñecer os principais modelos de distribucións utilizados na representación de variables aleatorias			CE1 CE6 CE10	
Identificar que variable debe utilizarse en cada situación particular e discernir o modelo adecuado para representala.			CE6 CE10	
Identificar as variables aleatorias independentes			CE1 CE6 CE10	
Resolver correctamente exercicios sobre variables aleatorias e as súas distribucións	CB2		CE6 CE10	
Manexar o programa estatístico utilizado na materia		CG2 CG7	CE8 CE12 CE13	
Interpretar adecuadamente as saídas de resultados do programa estatístico	CB3	CG2 CG7	CE6 CE8 CE13	CT5 CT7

Contidos	
Tema	
TEMA 1. Introdución	Concepto e obxecto da Estatística. Etapas dunha investigación estatística. Estatística Descritiva, Teoría da Probabilidade e Inferencia Estatística. Conceptos básicos e notacións. Variables cuantitativas e cualitativas.
TEMA 2. Distribucións de frecuencias unidimensionais	Frecuencias dunha variable estatística e as súas propiedades. Distribucións de frecuencias agrupadas e non agrupadas. Representacións gráficas. Medidas de posición: media, moda, mediana e cuantiles. Medidas de dispersión: percorridos, varianza, desviación típica e coeficiente de variación. Simetría e asimetría. Diagramas de caixa.
TEMA 3. Distribucións de frecuencias bidimensionais	Frecuencias bidimensionais. Distribucións marxinais e condicionadas. Independencia estatística. Covarianza e coeficiente de correlación. Asociación entre variables cualitativas: coeficientes chi-cadrado de Pearson e V de Cramer.
TEMA 4. Probabilidade	Experimento aleatorio. Espazo muestral e sucesos. Operacións con sucesos e as súas propiedades. Definicións de probabilidade: clásica (regra de Laplace) e frecuentista. Definición axiomática de Kolmogorov da probabilidade. Consecuencias dos axiomas. Probabilidade condicionada. Teorema do produto. Teorema da probabilidade total. Teorema de Bayes. Independencia de sucesos.
TEMA 5. Variables aleatorias unidimensionais	Definición. Función de distribución. Variables aleatorias discretas: función de probabilidade e propiedades. Variables aleatorias continuas: función de densidade e propiedades. Características dunha variable aleatoria: esperanza matemática, moda, mediana e cuantiles, varianza e desviación típica, asimetría.
TEMA 6. Principais distribucións discretas	Uniforme. Bernoulli. Binomial. Xeométrica. Binomial negativa. Hiperxeométrica. Poisson.
TEMA 7. Principais distribucións continuas	Uniforme. Normal. Exponencial. Gamma.
TEMA 8. Introdución ás variables aleatorias bidimensionais	Definición. Función de distribución. Variables discretas e continuas. Distribucións marxinais e condicionadas. Independencia de variables aleatorias. Covarianza e coeficiente de correlación.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	7.5	7.5	15
Prácticas con apoio das TIC	7.5	7.5	15
Seminario	5	5	10
Resolución de problemas de forma autónoma	0	20	20
Estudo previo	0	26	26
Foros de discusión	0	1	1

Lección maxistral	30	30	60
Resolución de problemas e/ou exercicios	2.5	0	2.5
Exame de preguntas obxectivas	0.5	0	0.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas	Resolveranse exercicios similares aos dos boletíns de problemas dos temas correspondentes a cada sesión. Os/as alumnos/as deberán entregar a solución dos exercicios propostos pola profesora para a súa corrección e cualificación.
Prácticas con apoio das TIC	Nestas sesións utilizaremos un programa estatístico, aplicando as técnicas introducidas nas clases teóricas a distintos conxuntos de datos. O alumnado deberá resolver, utilizando o mesmo programa, os exercicios propostos pola profesora. O ficheiro de resultados xerado deixarase na plataforma Faitic para a súa corrección e cualificación.
Seminario	As/os alumnas/os poderán expor todas as cuestións ou dúbidas que teñan sobre os temas correspondentes, tanto a nivel teórico como práctico. Ademais, resolverán cuestionarios tipo test con preguntas teóricas e prácticas dos temas indicados, co obxecto de valorar o nivel de comprensión alcanzado. Para iso utilizarase a ferramenta de cuestionarios da plataforma Faitic, que xerará unha cualificación que tamén formará parte da nota final.
Resolución de problemas de forma autónoma	O alumnado deberá resolver pola súa conta todos os exercicios do boletín de problemas e realizar os cuestionarios de autoevaluación dispoñibles na plataforma Faitic.
Estudo previo	Preparación do exame final
Foros de discusión	O alumnado poderá expor cuestións ou dúbidas sobre contidos teóricos ou prácticos utilizando os foros dispoñibles na plataforma Faitic
Lección maxistral	Nas clases de teoría presentaranse e desenvolverán os contidos de cada tema, acompañados dos exemplos necesarios para facilitar a asimilación dos conceptos básicos e a aplicación dos métodos estatísticos introducidos. Con anterioridade ao comezo de cada tema, proporcionarase, a través da plataforma Faitic, un boletín de problemas, dos cales a profesora resolverá en clase algúns exercicios tipo.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	O alumnado poderá expor cuestións ou dúbidas sobre contidos teóricos ou prácticos durante as sesións de titoría en grupo.
Foros de discusión	O alumnado poderá expor cuestións ou dúbidas sobre contidos teóricos ou prácticos utilizando os foros dispoñibles na plataforma Tema

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas			
Resolución de problemas	Nestas sesións os/as alumnos/as resolverán de forma individual varios exercicios, cuxa solución se presentará por escrito e será recollida pola profesora para a súa corrección e cualificación.	22.5	CB2 CB3	CG2 CG7	CE1 CE6 CE10 CE12 CE13	CT5
Prácticas con apoio das TIC	Utilizando un programa de análise estatístico de datos os alumnos e alumnas realizarán os exercicios propostos, xerando un ficheiro de resultados que se deixará na plataforma Faitic para a súa corrección e cualificación.	15	CB3	CG2 CG7	CE6 CE8 CE12 CE13	CT5 CT7
Seminario	Nestas sesións as/os alumnas/os resolverán cuestionarios tipo test utilizando a ferramenta de Cuestionarios da plataforma Faitic.	15	CB2		CE1 CE6 CE10 CE12	CT7
Resolución de problemas de forma autónoma	Valorarase o traballo do alumnado mediante a súa participación nas clases teóricas e prácticas e a utilización das ferramentas da plataforma.	7.5				CT5 CT7
Resolución de problemas e/ou exercicios	Exame final (exercicios)	32	CB2 CB3	CG7	CE1 CE6 CE8 CE10 CE12 CE13	CT5

Exame de preguntas obxectivas	Exame final (cuestionario)	8	CB2 CB3	CG7	CE1 CE10 CE12	CT5

Outros comentarios sobre a Avaliación

A cualificación final da materia calcularase como o máximo entre E e (0.4 x E + 0.6 x P), sendo E a nota do exame final e P a nota das demais probas (ambas notas sobre 10).

Para superar a materia, o alumnado debe obter unha cualificación maior ou igual que 5 (sobre 10) na nota final, debendo alcanzar polo menos 3.5 puntos (sobre 10) no exame final. Se un/ha alumno/a realizou algunha proba anterior ao exame final e obtén neste unha nota inferior a 3.5 puntos (sobre 10), a súa cualificación final da materia será o mínimo entre as dúas cantidades seguintes: a) 4.5 e b) 0.4 x E + 0.6 x P.
O criterio de avaliación será o mesmo en todas as convocatorias.
As datas dos exames poderanse consultar na web da Facultade: http://fccee.uvigo.es

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Casas Sánchez, J.M. y Santos Peñas, J., **Introducción a la Estadística para Economía**, Editorial Universitaria Ramón Areces, 2002

Esteban García, J. y otros, **Estadística Descriptiva y nociones de Probabilidad**, Paraninfo, 2008

Uña Juárez, I, Sanz Martínez, J. y Tomeo Perucha, V., **Cálculo de Probabilidades**, Garceta Grupo Editorial, 2009

Bibliografía Complementaria

Casas Sánchez, J.M. y otros, **Ejercicios de estadística descriptiva y probabilidad para Economía y Administración de Empresas**, Pirámide, 2006

Martín Pliego, F. J., **Introducción a la Estadística Económica y Empresarial**, 3ª ed, Paraninfo, 2004

Martín-Pliego, F. J. y Ruíz-Maya, L., **Fundamentos de Probabilidad**, 3ª ed, Paraninfo, 2013

Martín-Pliego, F. J.; Ruíz-Maya, L. y Montero Lorenzo, J. M., **Problemas de Probabilidad**, Thomson Paraninfo, 2006

Peña, D., **Fundamentos de Estadística**, Alianza Editorial, 2008

Pérez, C., **IBM SPSS Estadística Aplicada. Concepto y ejercicios resueltos**, Garceta Grupo Editorial, 2013

Rohatgi, V. K. and Saleh, A. K. Md. E., **An Introduction to Probability and Statistics**, 3rd ed, Wiley, 2015

Tomeo Perucha, V. y Uña Juárez, I., **Estadística Descriptiva**, Garceta Grupo Editorial, 2009

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Estatística II/V03G100V01403

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Matemáticas: Matemáticas I/V03G100V01104

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

Mantéñense as mesmas metodoloxías impartindo a docencia mediante videoconferencia a través de Campus Remoto e utilizando, si é o caso, a plataforma de teledocencia Faitic para a entrega de exercicios ou realización de cuestionarios.

No caso de "Prácticas con apoio das TIC" tentarase utilizar un programa estatístico que estea dispoñible para os alumnos.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías):

Realizaranse titorías mediante videoconferencia no despacho virtual (con cita previa), foros de Faitic e correo electrónico.

* Información adicional:

Os alumnos terán á súa disposición na plataforma Faitic todo o material necesario para o seguimento da materia (apuntamentos, boletíns de problemas, solucións de exercicios e prácticas,...) así como cuestionarios de autoavaliación.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÖN ===

Mantéñense as mesmas probas pero realizadas en modalidade non presencial mediante o uso combinado de Campus Remoto e a plataforma Faitic.

Nestas probas o alumnado debe identificarse visualmente, presentando o correspondente documento, e permanecer conectado coa cámara activada até a súa finalización.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Economía española				
Materia	Economía española			
Código	V03G100V01301			
Titulacion	Grao en Economía			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua impartición	Castelán Inglés			
Departamento	Economía aplicada			
Coordinador/a	González Gómez, Manuel			
Profesorado	Cal Bouzada, María Isabel González Gómez, Manuel Otero Giráldez, María Soledad			
Correo-e	mgonzalez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia ten por obxectivo: (i) Transmitir coñecemento da economía española (ii) Utilizar información e a análise económica (iii) Entender os principais problemas dentro de cada area económica.			

Competencias	
Código	
CE2	Comprender a linguaxe económica básica e o modo de pensar dos economistas
CE3	Coñecer o marco institucional da economía
CE4	Capacidade para situar a economía na súa evolución histórica
CE5	Comprender as bases de funcionamento da economía, tanto nos ámbitos máis amplos como nos máis próximos
CE6	Adquirir coñecementos de Análise económica
CE8	Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e o seu contido
CE9	Identificar e anticipar problemas económicos relevantes nos ámbitos público e privado
CE10	Capacidade de formular modelos simples de relación das variables económicas, baseados na utilización de instrumentos técnicos
CE12	Avaliar, utilizando técnicas empíricas, as consecuencias de distintas alternativas de acción e seleccionar as máis idóneas
CT1	Respecto aos valores éticos e cívicos. Compromiso ético co traballo
CT2	Capacidade de traballar en equipo
CT3	Espírito emprendedor e capacidade de liderado, incluíndo empatía co resto de persoas
CT5	Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas
CT7	Fomentar a actitude crítica e autocrítica

Resultados de aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias	
Comprender a linguaxe económica básica e o modo de pensar dos economistas, a través da aplicación ao contexto económico español	CE2	CT1 CT7
Coñecer o marco institucional da economía española, identificando procesos e aplicando principios de economía institucional	CE3	CT1
Capacidade para situar a economía española na súa evolución histórica, elexindo e reunindo aspectos clave dos procesos económicos	CE4	CT1 CT7
Comprender as bases de funcionamento da economía española, reunindo e artellando aspectos dos ámbitos máis xenéricos cos aspectos sectoriais	CE5	CT7
Ampliar e exercitar coñecementos e técnicas de análise económica, a través de aplicacións á economía española, relacionando variables e resolvendo problemas	CE6 CE9 CE10 CE12	CT5
Exercitarse na procura e identificación de fontes de información económica, e na avaliación e interpretación de datos relevantes para a economía española	CE8 CE12	CT2 CT5
Elaborar e defender informes e/ou análisis referentes a diferentes aspectos da economía española, identificando problemas, elexindo información e métodos, argumentando e diagnosticando.	CE4 CE5 CE8 CE9	CT2 CT3 CT5 CT7

Contidos
Tema

I. INTRODUCCION. COORDENADAS BÁSICAS	1. O desenvolvemento económico español. Etapas e factores de crecemento 2. Recursos humáns, naturáis e sociáis. 3. A economía española no contexto europeo e mundial
II. AS ACTIVIDADES PRODUCTIVAS	4. Actividades Primarias. Agricultura. Pesca. 5. Sector enerxético. 6. A industria. 7. Os servicios
III. ASPECTOS INSTITUCIONAIS E DISTRIBUTIVOS	8. Mercado de traballo 9. Sistema financiero e mercados 10. Sector público 11. A distribución da renda

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas con apoio das TIC	14	10	24
Traballo tutelado	2	30	32
Lección maxistral	30	60	90
Exame de preguntas de desenvolvemento	3	0	3
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Prácticas con apoio das TIC	Nas aulas de informática, realizaránse fundamentalmente tarefas ben definidas de análise e interpretación de datos sobre aspectos relacionados co temario. O obxectivo é aprender o tratamento de información e elaboración de informes que lle permitan o estudantado describir fenomenos da economía española como inflación, desemprego, crecemento económico etc.
Traballo tutelado	Cada traballo ou informe mellorado estará baseado no aprendido nas aulas de informática e clases teóricas. Será realizado unha vez o alumnado se familiarizou cos conceptos necesarios, con bases de datos e co proceso de interpretación de información que inicia na na aula de informática ca elaboración do informe. Cada traballo tutelado é a continuación das sesions de aula de informática e clases maxistrais e inclue a elaboración dun informe en base a la información estadística e contenidos do programa da materia que previamente se aprenderon nas clases de teoría e práctica. Estos traballos tulelados ou informes mellorados forman parte do traballo persoal do alumnado e serán correxidos polo profesor de cada práctica para alumnado que segue avaliación continua.
Lección maxistral	Expoñeránse de maneira resumida os contidos máis sustanciais de cada tema. Desta forma, o alumno irá compoñendo un primer esquema de rasgos básicos da economía española, e, simultáneamente, familiarizaráse co uso de esquemas interpretativos e con fontes de información estatística, que posteriormente terá que seguir exercitando autónomamente con análise comparativo e descritivo e usando bibliografía e outro material recomendado.

Atención personalizada

Probas	Descrición
Exame de preguntas de desenvolvemento	O estudantado desenvolvera informes sobre temas do contido da materia.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas	
Prácticas con apoio das TIC	Aprendizaxe de elaboración de informes en base a fontes estatísticas e farramentas de tratamento de información e responder cuestionarios. Probas con preguntas de desenvolvemento e obxectivas que se desenvolven de maneira continua ao longo do curso.	25	CE2 CE3 CE4 CE5 CE8 CE9 CE12	CT1 CT2 CT3 CT5 CT7
Traballo tutelado	Informes relativos aos contidos do programa da materia. Probas con preguntas de desenvolvemento e obxectivas que se desenvolven de maneira continua ao longo do curso.	25	CE2 CE3 CE5 CE8 CE10 CE12	CT3 CT5 CT7

Lección maxistral	Preguntas, comentarios de textos e datos relativos aos contidos do programa. Probas con preguntas de desenvolvemento e obxectivas que se desenvolven de maneira continua ao longo do curso.	50	CE2 CE3 CE4 CE5 CE6 CE8 CE9	CT1 CT5 CT7

Outros comentarios sobre a Avaliación

Transcorrida a metade do curso, os estudantes deben decidirse polo sistema de avaliación continua ou exame final. No caso de optar por está última opción, o exame final suporá o 100% da cualificación.

Este tipo de probas (elaboración de informes e uso de TIC, exercicios e/ou comentarios relativos os contidos do programa, preguntas e/ou comentarios de textos e/ou datos relativos os contidos do programa) manteranse en todas as convocatorias do curso.

Na convocatoria de Fin de carreira, o exame suporá o 100% da cualificación.

En relación coas datas das probas finais, debe consultarse a páxina http://fccee.uvigo.es/

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

GARCÍA DELGADO, J.L.; MYRO; R:(Dirs), **Lecciones de Economía Española**, décimocuarta, Civitas-Tomson Reuters, 2019

CONSEJO ECONÓMICO Y SOCIAL, **Memoria sobre la situación socioeconómica y Laboral. España 2019**, 978-84-8188-386-2, primera, CES, 2019

GARCÍA DE LA CRUZ, J.M.; RUESGA BENITO, S. (coord.), **Economía española. Estructura y regulación**, Paraninfo, 2017

HARRISON, J. CORKILL D., **Spain: A modern Economy**, Ashgate publishing, 2004

SCHWAB, K (Editor), **The Global Competitiveness Report 2016-2017**, World Economic Forum, 2016

CONSEJO ECONOMICO Y SOCIAL, **Informe 04/2019 sobre La industria en España: propuestas para su desarrollo**, 978-84-8188-389-3, primera, http://www.ces.es/, 2020

Bibliografía Complementaria

ALONSO, J.A.; MYRO, R. (dirs.), **Ensayos sobre economía española**, Civitas-Thomson, 2014

BANCO DE ESPAÑA, **Boletines económicos y documentos**, www.bde.es, 2020

INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA, **Anuario estadístico de España, España en cifras, otras publicaciones**, www.ine.es, 2018

ECONOMISTAS, **España. Un balance**, Anual, Colegio de Economistas, 2007-2018

PAPELES DE ECONOMÍA ESPAÑOLA, **Colección de Revistas**, Funcas, 2007-2018

PÉREZ DÍAZ, F. (Dir.), **Crecimiento y competitividad. Trayectoria y perspectivas de la economía española.**, (www.fbbva.es), BBVA-ivie, 2012

EUROSTAT, **Anuarios e Informes**, http://epp.eurostat.ec.europa.eu, 2018

FUNDACIÓN COTEC, **Informe Cotec 2016. Tecnología e innovación en España**, F. Cotec, 2018

COMISIÓN EUROPEA, **Informes y series de datos**, http://ec.europa.eu/index_es.htm, 2018

FMI, **Informes**, www.imf.org/external/spanish/index.htm, 2018

BANCO MUNDIAL, **Informes**, www.bancomundial.org, 2018

FAO, **Informes anuales agricultura, pesca, alimentación**, www.fao.org, 2018

FUNCAS, **Cuadernos de Información Económica; Indicadores**, www.funcas.es, 2018

FUNCAS, **Spanish Economic and Financial Outlook**, www.funcas.es, 2018

MINISTERIO DE ECONOMÍA Y HACIENDA, **Informes**, www.meh.es, 2018

TURESPAÑA, **Informes periódicos**, turspain.es, 2018

MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERGIA Y TURISMO, **Libro de Energía en España**, www.minetad.es, 2018

SECRETARÍA DE ESTADO DE COMERCIO, **Informes de Comercio Exterior**, www.coemrcio.gob.es, 2018

CAIXABANK, **Informe Mensual**, www.caixabankresearch.com, 2018

FEDEA, **Documentos (colección)**, www.fedea.es, 2018

ALDE, **Blog Aldea Global**, www.alde.es ó https://blogaldeaglobal.com/, 2018

SAWYER, M., **The UK Economy**, 16th Edition, Oxford University Press, 2005

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Economía: Economía mundial/V03G100V01202
Economía: Principios de economía I/V03G100V01102
Economía: Técnicas de economía aplicada/V03G100V01105

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
* Metodoloxías docentes que se manteñen: Porase a disposición do alumnado material (transparencia e datos) para realizar unha aprendizaxe autónoma ou semipresencial mantendo a diferenza entre actividades prácticas con farramentas informáticas(fontes estatísticas, tratamento da información, respostar cuestionarios de preguntas relativas ao temario da materia, informes) e aprendizaxe de contido teórico (transparencias, cuestionarios, exercicios).

* Metodoloxías docentes que se modifican: Dentro das posibilidades porase a disposición do alumnado material (transparencia e datos) para realizar unha aprendizaxe autónoma ou semipresencial mantendo a diferenza entre a baseada nun uso de farramentas informáticas (fontes estatísticas, tratamento da información, respostar cuestionarios de preguntas relativas ao temario da materia, informes) e aprendizaxe de contido teórico (tranparencias, cuestionarios, exercicios).

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías). Atenderanse as dúbidas do alumnado por correo electrónico e en titorias virtuais utilizando campus remoto.

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir. Sen cambios
* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe.

* Outras modificacións

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

* Probas xa realizadas
Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]No caso de terse realizadas probas no sistema presencial estas teranse en conta proporcionalmente na avaliación continua. O peso das probas realizadas dependerá do número de horas de clase (prácticas con apoio de TICs, traballo tutelado e leccións maxistrais) presenciais impartidas en relación ao total de horas de clase (clase con prácticas de apoio de TICs, traballo tutelado e leccións maxistrais) recollidas no apartado de planificación desta guía.
...

* Probas pendentes que se manteñen
Na avaliación continua, as probas periódicas concentraranse en dúas probas con idéntico peso cada unha delas. A primeira realizarase á metade de cuadrimestre e a segunda o finalizar. Realizarase unha ou dúas probas en función das horas de clases afectadas polo plano de continxencia (PC): unha proba se as horas de clase afectadas polo PC son menos do 50% de horas total de clase recollidas no apartado de planificación desta guía docente e dúas probas se as horas de docencia afectadas PC son máis ou igual ó 50% das horas total de clase recollidas no apartado de planificación desta guía docente. Para estas probas seguen sendo válidas as proporcións de avaliación recollidas no epígrafe de avaluación desta guía: prácticas con apoio de TICs, traballo tutelado e lección maxistral.
...

* Probas que se modifican: a avaliación continua, as probas periódicas concentraranse en dúas probas con idéntico peso cada unha delas. A primeira realizarase á metade de cuadrimestre e a segunda o finalizar. Realizarase unha ou dúas probas en función das horas de clases afectadas polo (PC): unha proba se as horas de clase afectadas polo PC son menos do 50% de horas total de clase recollidas no apartado de planificación desta guía docente e dúas probas se as horas de docencia afectadas polo plano de PC son máis ou igual ó 50% das horas total de clase recollidas no apartado de planificación desta guía docente. Para estas probas seguen sendo válidas as proporcións de avaliación recollidas no epígrafe de avaluación desta guía: prácticas con apoio de TICs, traballo tutelado e lección maxistral.

* Novas probas

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Finanzas				
Materia	Finanzas			
Código	V03G100V01302			
Titulacion	Grao en Economía			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	2	1c
Lingua impartición	Castelán Inglés			
Departamento	Economía financeira e contabilidade			
Coordinador/a	Rodríguez de Prado, Francisco			
Profesorado	Docampo Barrueco, José María Huarte Galbán, Cecilio Rodríguez de Prado, Francisco			
Correo-e	fprado@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Nesta materia plantearanse aos alumnos os conceptos básicos das Finanzas empresariais e de mercados financeiros para axudarlles a adquirir as competencias relacionadas con aqueles aspectos da Economía Financeira a nivel micro e macroeconómico.			

Competencias	
Código	
CE1	Comprender as ferramentas matemáticas básicas, necesarias para a formalización do comportamento económico
CE3	Coñecer o marco institucional da economía
CE5	Comprender as bases de funcionamento da economía, tanto nos ámbitos máis amplos como nos máis próximos
CE7	Comprender o entorno empresarial
CE8	Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e o seu contido
CE9	Identificar e anticipar problemas económicos relevantes nos ámbitos público e privado
CE12	Avaliar, utilizando técnicas empíricas, as consecuencias de distintas alternativas de acción e seleccionar as máis idóneas
CT7	Fomentar a actitude crítica e autocrítica

Resultados de aprendizaxe	Competencias	
Coñecer o valor do diñeiro no tempo e a lóxica da valoración financeira	CE1 CE8 CE12	
Coñecer e valorar as equivalencias financeiras no tempo	CE1 CE8 CE12	CT7
Coñecer a dinámica amortizativa de préstamos	CE1 CE8 CE12	CT7
Calcular rendementos e custos reais de operacións financeiras	CE1 CE8 CE12	CT7
Coñecer as nocións básicas de xestión financeira en empresas	CE5 CE7 CE9	
Coñecer os aspectos básicos do sistema financeiro nacional e internacional	CE3 CE5 CE9	
Aplicar o cálculo financeiro a valoración de activos	CE1 CE8 CE9 CE12	
Comprender e estimar a influencia do risco na valoración de activos e en la composición de carteiras	CE1 CE5 CE9 CE12	
Aplicar ferramentas informáticas nos cálculos propostos	CE8 CE12	CT7

Contidos

Tema	
Xestión Financeira	As finanzas na Economía. Os fluxos financeiros. Nivel micro: xestión financeira empresarial. Nivel macro: sistema financeiro
Cálculo Financeiro e Operacións Financeiras	- Cálculo financeiro básico: Valor do diñeiro no tempo. Capitalización simple e composta. Tipos de interese equivalentes. Efecto inflación. Desconto simple comercial. Valoración de rendas financeiras. - Operacións financeiras de préstamos: Operacións de préstamo. Clasificación. Formulación financeira: estrutura de pagos e custo.
Xestión de investimentos e financiamentos	Nocións básicas de xestión financeira empresarial. Obxectivo das empresas. Xestión de activos e pasivo: principais características. Principais alternativas de financiamento empresarial: capital, autofinanciación e endebedamento.
Sistema Financeiro	Concepto, función, características, integrantes e clasificacións
Valoración de activos reais e financeiros: rendibilidade e risco	- Activos Financeiros de renda variable: Concepto e función. Operativa. Mercados de negociación e intermediarios - Activos Financeiros: renda fixa: Concepto e función. Valoración e risco. Clasificación. Mercados de negociación e intermediarios
Xestión de activos financeiros e carteiras	Concepto de carteira de valores. Rendibilidade e risco. Diversificación. Xestión de carteiras

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	30	30	60
Lección maxistral	45	80	125
Exame de preguntas de desenvolvemento	3	37	40

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas	Proposta de exercicios prácticos en grupo de laboratorio reducido como complemento da explicación teórica dos contidos da materia. Resolución conxunta cos alumnos e atención personalizada do docente. Resolución de dúbidas aos alumnos.
Lección maxistral	Exposición na aula por parte do profesor dos contidos máis relevantes, a partir da base de material docente posto a disposición dos alumnos en plataforma e bibliografía indicada.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	Resolución exercicios propostos en grupos reducidos co asesoramento personalizado do profesor

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas	
Exame de preguntas de desenvolvemento	Avaliación continua a través de exames parciais con resolución de probas escritas presenciais, sobre a adquisición de competencias da materia. Os alumnos poderán optar entre avaliación continua a través de exames parciais (100% nota final), ou de maneira alternativa, avaliación global de toda a materia nos exames finais e fin de carreira das convocatorias oficiais (100% nota final).	100	CE1 CE3 CE5 CE7 CE8 CE9 CE12	CT7

Outros comentarios sobre a Avaliación

Pódense consultar as datas de exames en http://fccee.uvigo.es/

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Brigham, E.F. and Erhardt, M, **Financial management: theory and practice**, South western Thompson learning, 2002

Pisón Fernández, Irene, **Dirección y gestión financiera de la empresa**, Pirámide, 2001

Rodríguez Sánchez, J.A. y Rodríguez Parada, S., **Cuadernos de matemática de las operaciones financieras**, Tórculo, 2000

Bibliografía Complementaria

Pindado García, J., **Finanzas empresariales**, Paraninfo, 2012

Hayat, S. y San Millán, A, **Finanzas con excel**, Mc Graw Hill, 2006

Suárez Suárez, A.S., **Decisiones óptimas de inversión y financiación**, Pirámide, 2014

PArejo Gamir, Cuervo, A. y otros, **Manual de Sistema Financiero español**, Ariel, 2014

Martínez Alvarez, J.A. y Calvo González, J.L., **Banca y mercados financieros**, Tirant lo Blanch, 2012

Pampillón Fernández, Fernando, **Ejercicios de Sistema Financiero español**, Dykinson, 2005

Brealey, R., Myers, S. y Marcus, A., **Fundamentos de finanzas corporativas**, Mc Graw Hill, 2007

MArtín Marín, J.L. y TRujillo Ponce, A., **Manual de mercados financieros**, Thompson, 2004

Steiner, B., **Conceptos esenciales del mercado financiero**, Reuters, 2002

De Pablo López, A., **Valoración Financiera**, CEntro EStudios Ramon Areces, 2002

De Pablo López, A., **Matemáticas de las operaciones Financieras**, UNED, 2000

FAITIC, **Material teórico y práctico**,

Delgado, Concepción, **MAtemática Financiera**, Palomero Delgado, 1995

González Catalá, Vicente, **Análisis de las operaciones financieras, bancarias y bursátiles**, Ed. Ciencias Sociales, 1995

Pozo Carrero, E. y Zuñiga Rodríguez, J., **Problemas de matemática financiera**, Esic, 1996

Bonilla Musoles, M. y Ivars Escortell, A., **MAtemática de las operaciones financieras**, AC, 2006

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Contabilidade/V03G100V01401

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Empresa: Economía da empresa/V03G100V01204
Estatística: Estatística I/V03G100V01205
Matemáticas: Matemáticas I/V03G100V01104

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
* Metodoloxías docentes que se manteñen
Seguiremos mantendo as diversas metodoloxías docentes se é necesario nun escenario non presencial ou parcialmente presencial
* Metodoloxías docentes que se modifican

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)
correo electrónico, teléfono e despacho campus remoto
* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe
Todo o material necesario está incorporado na plataforma faitic

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
Mantéñese o mesmo sistema de avaliación, pero si as probas parciais ou finais non se poden realizar presencialmente, realízaranse se é necesario nun escenario non presencial ou parcialmente presencial

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Matemáticas II				
Materia	Matemáticas II			
Código	V03G100V01303			
Titulacion	Grao en Economía			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Matemáticas			
Coordinador/a	Vázquez Pampín, Carmen			
Profesorado	Vázquez Pampín, Carmen			
Correo-e	cvazquez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O obxetivo desta asignatura é proporcionar ó estudante a linguaxe e as principais técnicas matemáticas necesarias para poder entender a literatura económica elemental e capacitalo para plantexar e analizar os modelos dos problemas económicos.			

Competencias	
Código	
CE1	Comprender as ferramentas matemáticas básicas, necesarias para a formalización do comportamento económico
CE10	Capacidade de formular modelos simples de relación das variables económicas, baseados na utilización de instrumentos técnicos
CE12	Avaliar, utilizando técnicas empíricas, as consecuencias de distintas alternativas de acción e seleccionar as máis idóneas
CT2	Capacidade de traballar en equipo
CT3	Espírito emprendedor e capacidade de liderado, incluíndo empatía co resto de persoas
CT4	Responsabilidade e capacidade de asumir compromisos
CT5	Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas
CT7	Fomentar a actitude crítica e autocrítica

Resultados de aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias	
Capacidade de formular modelos simples de relación das variables económicas baseado no manexo da álxebra lineal e da análise matemática.	CE1 CE10 CE12	CT2 CT5
Comprender as técnicas matemáticas básicas, necesarias para a modelización do comportamento económico	CE1 CE10 CE12	CT5
Avaliar, utilizando técnicas matemáticas, as consecuencias de distintas alternativas de acción e seleccionar as máis idóneas	CE1 CE12	CT2 CT7
Habilidades para argumentar de modo rigoroso, coherente e intelixible, tanto en forma oral como escrita	CE1 CE10	CT2 CT3 CT4 CT5

Contidos	
Tema	
1. Formas cadráticas	Autovalores. Diagonalización. Formas cadráticas. Estudo do signo dunha forma cadrática.
2. Derivadas de funcións de varias variables	Derivadas direccionais e derivadas parciais. Vector gradiente. Matriz jacobiana. Regra da cadea. Derivadas sucesivas. Matriz hessiana. Teorema de Taylor.
3. Funcións homoxéneas	Funcións homoxéneas. Propiedades.Teorema de Euler.
4. Funcións definidas implícitamente	Funcións definidas implícitamente por unha ou varias ecuacións. Relación marxinal de sustitución. Derivación de funcións implícitas.
5. Funcións cóncavas e convexas.	Funcións convexas e funcións cóncavas. Casi-concavidade. Propiedades. Caso de funcións diferenciables. A función de utilidade. Concavidade e formas cadráticas.
6. Problemas de extremos sen restricións	Óptimos locais e globais. Condicións necesarias de primeira e segunda orde para a existencia de extremos. Condicións suficientes.
7. Problemas de extremos con restricións de igualdade	Formulación do problema. O problema do consumidor. Condición necesaria para a existencia de óptimos: Teorema dos multiplicadores de Lagrange. Condicións suficientes.

8. Problemas de extremos con restricións de desigualdade	Formulación do problema. Saturación de restricións. Condición necesaria para a existencia de extremos: Teorema de Kuhn Tucker. Condicións suficientes.
9. Optimización dinámica	Formulación do problema de cálculo de variacións. Condición de Euler. Condicións suficientes.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	15	22.5	37.5
Resolución de problemas	15	30	45
Seminario	15	22.5	37.5
Prácticas con apoio das TIC	5	5	10
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	6	8
Exame de preguntas de desenvolvemento	3	9	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición dos contidos da materia por parte da profesora, base teóricae directricesde traballo a desenrolar polo estudante.
Resolución de problemas	Formulación, análise, resolución e debate de problemas ou exercicios relacionados coa temática da materia. Adoitase utilizar como complemento da sesión maxistral.
Seminario	Sesións nas que o docente orientará e guiará o proceso de aprendizaxe do alumnado
Prácticas con apoio das TIC	Utilización de software de cálculo simbólico para a resolución de exercicios relacionados coa temática da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	Asesoramento para o desenvolvemento de actividades da materia.
Seminario	Seguimento do traballo individual do alumno para asesoramento no proceso de aprendizaxe.
Prácticas con apoio das TIC	Seguimento do traballo individual do alumno para asesoramento no proceso de aprendizaxe.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas	
Seminario	Formulación, análise, resolución e debate de problemas ou exercicios, repartidos o longo do curso.	30	CE1 CE10 CE12	CT2 CT3 CT4 CT5 CT7
Prácticas con apoio das TIC	Resolución de exercicios relacionados coa temática da materia utilizando software de cálculo simbólico.	10	CE1	CT2
Resolución de problemas e/ou exercicios	Cuestións teóricos e prácticos similares os realizados nas clases. Formarán parte do exame final	30	CE1 CE10 CE12	CT5 CT7
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exercicios teóricos e prácticos similares os realizados nos seminarios. Formarán parte do exame final	30	CE1 CE10 CE12	CT5 CT7

Outros comentarios sobre a Avaliación

A nota final será a suma da nota obtida nas probas realizadas nas clases prácticas durante o curso (avaliación continua) cunha ponderación do 40% sobre o total, e da nota obtida no exame final, cunha ponderación do 60% do total. No caso de non superar a materia na convocatoria ordinaria, a nota obtida polo traballo ao longo do curso manterase para a convocatoria de xullo.

Alternativamente ao sistema de avaliación continua, o estudante, previa comunicación ó profesorado, poderá optar a ser avaliado cun único exame final que suporá o 100% da cualificación.

Na convocatoria de fin de carreira, o exame suporá o 100% da cualificación.

As datas de exámes son competencia do decanato e deberán ser consultadas na web da Facultade.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Jarne G., Pérez-Grasa I., Minguillón E., **Matemáticas para la Economía. Álgebra lineal y Cálculo diferencial.**, McGraw Hill,

Barbolla R.,Cerdá E. y Sanz P., **Optimización. Cuestiones, ejercicios y aplicaciones a la Economía**, Pearson Educación,

Pérez-Grasa I., Minguillón E. y Jarne G., **Matemáticas para la Economía. Programación matemática y sistemas dinámicos**, McGraw Hill,

Barbolla R.,Cerdá E. y Sanz P., **Optimización. Programación Matemática y aplicaciones a la Economía**, Editorial Garceta,

Bibliografía Complementaria

